

## OS NESGOS NA IA

ALBERTO BUGARÍN

Universidade de Santiago de Compostela

Nesta charla presentaremos, a través de casos reais, algúns aspectos relacionados coa existencia de nesgos en todo o ciclo de vida dun sistema de intelixencia artificial, xa que podemos atopalos nos datos, nos algoritmos ou mesmo na validación dos modelos. Presentaremos exemplos de mecanismos e metodoloxías que os detectan ou preveñen, cuestión de central importancia tanto para quen desenvolve como para quen utiliza sistemas de intelixencia artificial, se queremos que estes resulten fiables, non promovan nin amplifiquen as discriminacións e procuren o ben común, seguindo o paradigma da Intelixencia Artificial Responsable.

### BIONOTA

Catedrático de Universidade na área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial e coordinador do Grupo de Sistemas Intelixentes (GSI) no CiTIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC). A nivel académico, coordino na USC o Grao en Intelixencia Artificial. As miñas liñas de investigación céntranse en diferentes áreas da intelixencia artificial e as súas aplicacións, coma a intelixencia artificial responsable, a xeración de linguaxe natural, a aprendizaxe automática ou a representación do coñecemento e razoamento aproximados. Nesas áreas son coautor de mais de 230 traballos científicos e participei en máis de 60 proxectos de I+D+i, sendo investigador principal en 25 deles. Na actualidade son vocal da Xunta Directiva da Asociación Española para a Intelixencia Artificial (AEPIA) e secretario da Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural (SEPLN).